

A CIG denuncia a imposición unilateral de novas condicións no teletraballo

Queremos informar a todo o cadro de persoal de que tivemos coñecemento, a través de varias compañeiras e compañeiros, da emisión dunha orde non negociada nalgúns direccións provinciais (e que se estenderá a outras nos vindeiros días).

Esta orde obriga ao persoal que desenvolve o seu traballo a distancia a recoñecer un mínimo de 25 presolicitudes diarias. É importante salientar que esta esixencia se está a aplicar:

1. Mesmo en postos que **non son de oficina de prestacións**.
2. Aínda que estas presolicitudes sexan de outras provincias.

Falta de diálogo e opacidade da Subdirección Xeral de Recursos

Queremos denunciar a **opacidade e a falta de respecto** da Dirección cara á nosa representación (algo que sucede cada vez con máis frecuencia no SEPE).

A única información que a CIG, como representante legal das traballadoras e traballadores na Mesa Delegada recibiu foi a facilitada no mes de xuño, onde se indicou que as instrucións sobre novas medidas de organización do traballo estaban aínda en fase de elaboración polo que deron unhas pinceladas sobre como se estaban desenvolvendo.

Dende aquela, **non houbo nin negociación nin comunicación formal** que xustifique esta imposición unilateral de novas medidas.

A CIG esixe explicacións

Ante a gravidade de impoñer cotas de traballo que afectan as nosas condicións laborais sen sustento técnico nin diálogo, a nosa central sindical solicitou unha **reunión urxente** para esixir á Administración as seguintes aclaracións inmediatas:

- **Instrución oficial:** Queremos coñecer a **Instrución completa** e formal na que se basean estas novas medidas de organización e ratios de produción.
- **Criterios técnicos:** Esiximos coñecer os cálculos e criterios técnicos que determinan a obriga de facer 25 presolicitudes diarias e que xustifican a inclusión de persoal de unidades non afectadas tradicionalmente.
- **Xestión de casos complexos:** Solicitamos un procedemento claro sobre como se contabilizarán e xestionarán aquelas presolicitudes que, pola súa complexidade documental ou natureza, requiran unha dedicación de tempo moi superior á media ou de ser resoltas por persoas que ocupan postos doutra categoría.
- **Impacto provincial na produtividade:** Pedimos unha aclaración sobre a incidencia real na produtividade provincial cando o persoal está a realizar tarefas de apoio a outras provincias.